

**Acta núm. 01/2025.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 14 de xaneiro de 2025.**

**ASISTENTES:**  
Pablo Lago Sanmartín.  
Sandy Marie Cebral Gómez  
María Rosa Romero Fariña.  
José Antonio Vidal González.  
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 14 de xaneiro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 21/2024, DO 17/12/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) VAO PERMANENTE.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 21/2024, DO 17/12/2024.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 17.12.2024, acta núm. 21/2024.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN MONTE BALADO, BLOQUES 3 e 4, na que comunica que vai reparar filtracións na fachada do edificio, portal nº 14 (bloque 4) da Urbanización Monte Balado á altura do 1ªA. A edificación onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3). A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:  
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,50 euros.  
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
Total: 67,07 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por HEITOR GONZÁLEZ NOYA na que comunica que vai realizar obras de limpeza e encintado dun muro de pedra da fachada da vivenda sita no lugar de Salaño Pequeño nº 3 - Ons.  
A parcela (referencia catastral 0988804NH2408N0001KA) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:  
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,20 euros.  
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
Total: 88,77 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN CARLOS BLANCO BLANCO, na que comunica que vai executar un peche sobre un conxunto de parcelas, catro rústicas e unha de núcleo rural na que se atopa a vivenda nº 24 da aldea de Gronzo – Brión. O peche será perimetral na parte rústica afectando aos lindes: sur (linde particular), leste (en contacto cun vial municipal) e oeste (en contacto coa estrada de titularidade provincial DP-1301), e lineal na parcela de núcleo rural afectando ao linde oeste en contacto coa estrada de titularidade provincial (DP-1301). O peche que terá unha lonxitude aproximada de 105 ml. (15 ml. na parcela de núcleo rural), executarase con base de fábrica de bloque revestido de 40 cms de altura, postes metálicos intercalados e coroado con malla metálica ata unha altura total de 1,50 metros.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación do 31.10.2024 (expediente 2024000026273) e dos informes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de data 11.12.2024 e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche deberá afastarse, como mínimo, a 4 metros do eixo da pista municipal, e con respecto á estrada DP-1301, deberá de axustarse ás condicións impostas na autorización da Deputación do 31.10.2024 (expediente 2024000026273).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 77,26 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 141,83 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de ÁNGELA GRELA SANMARCO, na que comunica que vai construír un peche de fábrica de mampostería de pedra, no lugar de Sabaxáns 93, Bastavales, de aproximadamente 15 metros de lonxitude e 1,80 metros de altura, en contacto coa vía pública, coincidindo coa aliñación recollida no plano de emprazamento do proxecto (beirarrúa de 1,80 metros de ancho).

A parcela (referencia catastral 15013B503235970000MZ) onde se pretenden executar as obras está clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local con data 14/03/2023 concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina, en Sabaxáns 93, Bastavales a ÁNGELA GRELA SANMARCO e CHRISTIAN OTERO FONTENLA, segundo proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.02.2023 (expediente 2300756).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 95,37 euros.

### **TERCEIRO .- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar Sabaxáns, nº 88 – Bastavales, abrindo unha gabia de 5 metros de lonxitude sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez con data 18.10.2024.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 15013B503735970000MS) emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1: UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 88,69 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 20220000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,74 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 82,31 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar Lamiño 57 - Brión, abrindo unha gabiá de 5 metros de lonxitude, segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez con data 02.12.2024.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 6761702NH2466S0001IO), emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1: UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 11.12.2024 (expediente 3806/24) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 143,21 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 20220000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 28,64 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 93,21 euros.

**c)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar Sabaxáns 92 – Bastavales, abrindo unha gabiá de 6 metros de lonxitude, afectando á estrada de titularidade autonómica AC-300 (Os Ánxeles-A Picaraña), no seu P.K. 3+400 m. (marxe esquerda) e á beirarrúa municipal adxacente á zona de dominio público da travesía da AC-300, segundo o proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez con data 25.09.2024

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 5013B503335970000MP), emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1: UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF204A/AC/2024/1402), e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpriranse as condicións recollidas na autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF204A/AC/2024/1402).

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 119,19 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 47,68 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total:112,25 euros.

#### **CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Francisco Nieto Pais, que di actuar en representación de MANUELA SOCORRO LUEIRO GÚZMAN, na que solicita licenza de segregación e agregación de dúas parcelas sitas en Liñares – Brión, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia con data 02.12.2024, (visado 14525-2).

#### **Descrición das parcelas de orixe:**

Referencia catastral núm. 5750406NH2455S0001WA.

Superficie: 3.970 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: camiño.

Sur: muro en plano máis alto.

Leste: parcelas catastrais 5750402NH2455S e 5750401NH2455S.

Oeste: toxais.

Ten construída unha vivenda sinalada co número 24 do lugar de Liñares, parroquia de San Félix de Brión, que consta de edificación destinada a vivenda de planta baixa e piso alto que ocupa 124 m<sup>2</sup> por planta; ten anexo ao sur unha edificación de planta baixa destinada a almacén que ocupa 40 m<sup>2</sup> ; máis ao sur existe outra edificación de planta baixa destinada a almacén que ocupa 115 m<sup>2</sup> e ten tamén un hórreo enclavado nesta finca que ocupa a superficie de 8 m<sup>2</sup>. Superficie total construída 411m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación do PXOM (NRL-1).

Referencia catastral núm. 5750403NH2455S0001ZA.

Superficie segundo medición recente: 133 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: camiño.

Sur e leste: herdeiros de Serafín Campos Pereira.

Oeste: remata en punta.

Existe nela un hórreo dun tramo.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación do PXOM (NRL-1).

#### **Segregación da parcela con referencia catastral núm. 5750406NH2455S0001WA:**

##### **Casa (parcela 06-1):**

Superficie bruta: 1.052,00 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: camiño.

Sur: resto finca matriz.

Leste: parcelas catastrais 5750402NH2455S e 5750401NH2455S.

Oeste: resto de finca matriz e parcela de Manuela Lueiro Guzmán.

Ten construída unha vivenda sinalada co número 24 do lugar de Liñares, parroquia de San Félix de Brión, que consta de edificación destinada a vivenda de planta baixa e piso alto que ocupa 124 m<sup>2</sup> por planta; ten anexo ao sur unha edificación de planta baixa destinada a almacén que ocupa 40m<sup>2</sup> ; máis ao sur existe outra edificación de planta baixa destinada a almacén que ocupa 115m<sup>2</sup> e ten tamén un hórreo enclavado nesta finca que ocupa a superficie de 8 m<sup>2</sup>. Superficie total construída 411m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación do PXOM (NRL-1).

##### **Resto de finca matriz (parcela 06-2):**

Superficie bruta: 2.918,00 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: camiño, parcela de Manuela Lueiro Guzmán e terreo da casa número 26.

Sur: muro en plano máis alto.

Leste: parcela catastral 5750401NH2455S e terreo da casa número 26.

Oeste: toxearas.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación do PXOM (NRL-1).

##### **Agregación pretendida:**

Resto de finca matriz (parcela 06-2) e parcela con referencia catastral núm. 5750403NH2455S0001ZA:

Superficie bruta: 3.051,00 m<sup>2</sup>

Lindes:

Norte: camiño e terreo da casa número 26.

Sur: muro en plano máis alto.

Leste: parcela catastral 5750401NH2455S e terreo da casa número 26.

Oeste: toxearas.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación do PXOM (NRL-1).

**Parcelas resultantes finais e parcelas de cesión:**

**Parcela 06-1.**

Superficie neta: 990 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: terreo de cesión e despois camiño.

Sur: resto da finca matriz (parcela final 06-2).

Leste: parcelas catastrais 5750402NH2455S e 5750401NH2455S.

Oeste: resto da finca matriz (parcela final 06-2).

Ten construída unha vivenda sinalada co número 24 do lugar de Liñares, parroquia de San Félix de Brión, que consta de edificación destinada a vivenda de planta baixa e piso alto que ocupa 124 m<sup>2</sup> por planta; ten anexo ao sur unha edificación de planta baixa destinada a almacén que ocupa 40m<sup>2</sup> ; máis ao sur existe outra edificación de planta baixa destinada a almacén que ocupa 115m<sup>2</sup> e ten tamén un hórreo enclavado nesta finca que ocupa a superficie de 8 m<sup>2</sup>. Superficie total construída 411m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación do PXOM (NRL-1).

**Parcela 06-2 .**

Superficie neta: 2.952 m<sup>2</sup>

Lindes:

Norte: nunha parte parcela de cesión e despois camiño, e noutra parte coa parcela 06-1.

Sur: muro en plano mais alto.

Leste: parcela catastral 5750401NH2455S e parcela 06-1.

Oeste: toxearas.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación do PXOM (NRL-1).

**Parcela cesión 1.**

Superficie: 99 m<sup>2</sup>

Lindes:

Norte: camiño.

Sur: Manuela Socorro Lueiro Guzmán e herdeiros de Serafín Campos Pereira.

Leste: Concello de Brión (cesión 2).

Oeste: parcela catastral 5750405NH2455S.

**Parcela cesión 2.**

Superficie: 62 m<sup>2</sup>

Lindes:

Norte: camiño.

Sur: herdeiros de Serafín Campos Pereira.

Leste: camiño.

Oeste: Concello de Brión (cesión 1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 99 m<sup>2</sup> e 62 m<sup>2</sup>, ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 258,28 euros.

Total: 258,28 euros.

#### **QUINTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de MARÍA CHEDA MARTÍNEZ e ÓSCAR EMILIANO VÁZQUEZ CARNERO, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina, no lugar de Vilas 37-Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 03.07.2024 (expte. núm. 2403542).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 6622823NH2462S0001BP) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 03.07.2024 (expte. núm. 2403542).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento ( 91 m<sup>2</sup>), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.



- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 91 m<sup>2</sup>, destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 02 de xaneiro de 2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 4.767,87 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 221,43 euros.

Total: 4.989,27 euros.

#### **SIXTO.- VAO PERMANENTE.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por NIEVES CHISCA MANEIRO, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vao permanente para o servizo de acceso á vivenda sita na Avda. dos Ánxeles nº 50 (referencia catastral 6645101NH2464N0001WD), Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local en data 04.12.2024, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vao permanente (4 m.), nos termos establecidos na Ordenanza Xeral Municipal sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, (BOP nº 151 do 10/08/2010), deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:



Praza do Concello, 1  
15865 - Brión

981 887 006  
concello@concellodebrion.gal  
www.concellodebrion.gal

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.  
Total: 63,00 euros.

#### **SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González